

Caso practico

DATA PUBLICACIÓN: [21/07/2021]

1ª PROBA

PARTE A: SUPOSTO PRÁCTICO

Traballa vostede nunha empresa privada especializada no eido da intervención con persoas maiores, nunha pequena vila mariñeira da provincia de Pontevedra.

Na vila atópanse diferentes recursos relacionados coa actividade económica (porto pesqueiro e lonxa), restos arqueolóxicos e patrimonio eclesiástico e civil (2 capelas e un pazo, este último destinado a casa da cultura na actualidade), diferentes roteiros no entorno natural (un deles adaptado) e todos os anos, a principios de setembro, celébrase unha romaría tradicional con expresións folclóricas singulares da zona.

Xa superada a pandemia provocada pola Covid 19, un grupo de quince mulleres dun concello rural da montaña de Lugo de idades comprendidas entre os 60 e 80 anos, dúas delas con mobilidade reducida, pónense en contacto con vostede para solicitar información de posibles actividades de lecer na citada vila.

Elabore un programa de animación de lecer e tempo libre para unha semana na primeira quincena de setembro aproveitando o patrimonio natural, cultural e etnográfico do concello.

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

María Purificación Días Silva

Francisco Javier Silvela Sánchez

1ª PROBA

PARTE A: SUPOSTO PRÁCTICO

Traballas para unha entidade do Terceiro Sector de Acción Social dirixida á atención de persoas con diversidade funcional. Dende a xerencia desta entidade quérese impulsar un proxecto de inclusión sociolaboral a través da metodoloxía de ECA (emprego con apoio), para un grupo de persoas usuarias con discapacidade intelectual, formado por 4 mulleres e 1 home e con idades comprendidas entre os 18 e os 47 anos. O centro ao que pertencen, está ubicado nunha vila de máis de 10.000 habitantes, onde as principais actividades económicas están relacionadas co sector servizos. Tamén conta cun polígono próximo, onde se ubican empresas adicadas maioritariamente aos sectores da xardinería e empresas auxiliares de automoción.

Deberás facer o deseño do proxecto e especificar, como mínimo, os seguintes apartados:

- ¿ Xustificación e fundamentación da proposta.
- ¿ Obxectivos.
- ¿ Persoas destinatarias.
- ¿ Metodoloxía.
- ¿ Actividades.
- ¿ Avaliación.

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

María Purificación Días Silva

Francisco Javier Silvela Sánchez